



PROXECTOS QUE APOIA A DELEGACIÓN DE LUGO

ACCESO Á AUGA EN CINCO COMUNIDADES INDÍXENAS

Lugar: Municipio de San Martín de Jilotepeque, Dpto. de Chimaltenango, zona central de Guatemala

Á fronte do proxecto: D. Bartolomeu Chocoj Camey

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO RURAL (ADECOR)

Data de Inicio: 8/2018.

Duración: 12 meses.

O municipio Municipio de San Martín de Jilotepeque forma parte do denominado corredor seco e cuxos niveis de pobreza e extrema pobreza son os máis altos do departamento. (74% e 18% respectivamente).

O proxecto lévase a cabo en 5 comunidades de San Martín Jilotepeque (Los Tablones, Rosario Canajal, Caserío El Aguacate, San Antonio El Cornejo y Paraje Patzocon de Aldea Varituc). A poboación destas comunidades é indíxena kaqchiquel e dedícase a traballos agrícolas; a maior parte das familias sementan millo, fríxol e crían algúns animais; completan os seus ingresos vendendo a súa man de obra a outras familias e leiras situadas na localidade, sobre todo de café. Estas familias sofren de baixa produción de alimentos, mal estado das vivendas e dificultade de acceso á auga para consumo humano, sendo as mulleres e os nenos os que padecen directamente as consecuencias.

Na zona traballa ADECOR, sociedade sen ánimo de lucro, cuxo obxectivo é elevar a calidade de vida das familias de San Martín Jilotepeque con menos posibilidade de desenvolvemento, particularmente da poboación indíxena e campesiña. Contribúe a fomentar e desenvolver a capacidade técnica e profesional dos líderes indíxenas e das comunidades e a promover espazos de coordinación para potenciar a organización comunitaria, a participación nos procesos democráticos e o exercicio do poder local. ADECOR solicitou a colaboración de Mans Unidas para pór en marcha un proxecto que forma parte dun proceso máis amplo para o Municipio denominado "Desenvolvemento

Integral de San Martín" e pretende contribuír á accesibilidade á auga como un dereito humano a través da instalación de 5 Sistemas de Auga potable que beneficiarán a 956 familias de 4 comunidades de San Martín Jilotepeque mediante o establecemento de conexións domiciliarias de auga potable. Mans Unidas achegará fondos para a construción dos 5 sistemas de auga que permitirá que todos os fogares previstos teñan auga canalizada domiciliar. Igualmente achegará fondos para construción, materiais, persoal e funcionamento (46%). O proxecto ten un gran achegue das propias comunidades (compra de terreos e fontes, pozos, bombas e man de obra) ademais do compromiso do mantemento mediante comités de auga formalizados, os beneficiarios achegarán equipos de construción, man de obra e terreos (54%). Os beneficiarios directos do proxecto son 5736 persoas das 5 comunidades.

MELLORA DAS CONDICIÓNNS DE VIDA DE NENOS ORFOS

Lugar: Wadali, distrito de Amravati, Estado de Maharashtra, ao oeste da India

Á fronte do Proxecto: Teresa Jose Sisters of the Holy Cros Holy Cros Home For Babies

Data de Inicio: 7/2018

Duración: 12 meses.

TOTAL APROBADO 66.433,00 EUR

Proxecto financiado de forma compartida con outras 2 delegacións: Lugo financia 22000€

O distrito Amravati é un dos dous máis atrasados do Estado. A cidade está situada entre outeiros e ten zonas de densas selvas. As familias subsisten malamente. A rexión está inmersa na desnutrición e desemprego. Nela producíronse 20.000 suicidios de agricultores por non poder alimentar ás súas familias. O orfanato infantil que hai en Wadali, construíuse hai 100 anos pola congregación das irmás Holy Cros. As relixiosas iniciaron o seu traballo en educación e sanidade visitando os pobos en carro de bois e andando moitos quilómetros.

A condición en que se atopaban as mulleres e nenos era patética. A mortalidade materno-infantil era moi elevada e moitos nenos eran abandonados. O orfanato das irmás deu acubillo, vida e esperanza a miles de nenos durante todos estes anos. Actualmente acolle a 29 nenos de idades comprendidas entre 0-6 anos. Os nenos son abandonados ás súas portas ou referidos ao orfanato polas autoridades cando ninguén quere facerse cargo deles. Moitos nenos chegan con só horas de vida. O obxectivo do orfanato é prover dun

fogar a nenos pequenos, que por distintas razóns foron abandonados polos seus pais, até ser adoptados por familias indias, e así terán a oportunidade de sobrevivir e de ser educados, levando unha vida digna. O 90% dos nenos proceden de nais solteiras. O 30% das nais teñen menos de 18 anos. Outras son obrigadas polos seus pais a deixar aos fillos polo gran estigma social que supón. Hai nenos cuxas nais emigraron a outras zonas en busca de traballo, e non regresaron. Moitas nais casadas morren ao dar a luz e os nenos son tamén levados ao orfanato. Isto débese a que o marido desexa volver casar e teme que a segunda muller non se faga cargo do seu fillo. Hai matrimonios que só desexan mozos, e abandonan ás nenas para non pagar dotes elevados. Outros nenos proceden de familias moi numerosas e os pais non poden alimentalos. Outros son abandonados nas estacións de tren ou autobús. Tamén son recollidos os nenos que reciben malos tratos ou sofren abusos na súa familia ou parentes. Desde 1970 os nenos son dados en adopción para que poidan ser educados e consigan un desenvolvemento pleno. O edificio no que están aloxados os nenos é moi antigo e facer sucesivas reparacións. A pesar diso, o tellado e as paredes teñen numerosas pingueiras, o que crea problemas de seguridade e prexudica a saúde dos nenos na época das choivas torrenciais. Dous arquitectos asesoraron sobre o edificio e certificaron que non pode ser reparado de novo polo perigo de derrube que hai. Os nenos están necesitados dun novo fogar.

As Irmás solicitan a colaboración de Mans Unidas para a construción dun novo edificio con capacidade para 40 nenos/as orfos, que son os beneficiarios directos anuais, así como un tanque para a recollida da auga de choiva. O proxecto terá unha duración dun ano. A contribución local será o mobiliario para o orfanato e representa un 7% do total. O proxecto alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nº 1 "Fin da pobreza", 2 "Fame Cero" e 3 "Saúde e Benestar".

Delegación de Lugo Mans Unidas

R/ Cruz, 1B - 1º

27001 LUGO

982 255 567

www.manosunidas.org